

CONVENIO ORDINARIO DE COLABORACIÓN

De unha banda, o **O. A. Terra de Sanxenxo** con CIF P- 3600021- D e domicilio social na Travesía Miraflores, 3 - 36960 Sanxenxo, e na súa representación o Alcalde- Presidente D. Telmo Martín González, en adiante **TERRA SANXENXO**

Por outra banda, o club **Asociación Xuvenil Saraiba do Mar** con CIF **G 36324523** e domicilio social na Estrada A Lanzada, 64 . 36970. Portonovo, e na súa representación **Luis Carballa Gómez** en calidade de Presidente, en adiante o BENEFICIARIO

EXPOÑEN

1º Este convenio subscríbese entre as partes convenientes, en virtude do disposto no artigo 28.1 da Lei Xeral de Subvencións (38/2003 de 17 de novembro), Regulamento de esta Lei, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (Título II, Capítulo II, artigos 69 e seguintes), Lei de Subvencións de Galicia(9/2007); e bases de execución do orzamento xeral do Concello de Sanxenxo para o exercicio de 2.019 indican na súa Disposición Final 12ª, relativa a listado de subvencións nominativas. En dito listado, incorporado ao Anexo das Bases de Execución do Orzamento, figura a previsión de subvención nominativa á Asociación.

Ten como antecedente unha proposta e resolución de incoación de expediente de outorgamento de subvención dos órganos xestores do Organismo Autónomo Terra, dependente do Ilmo. Concello de Sanxenxo.

2º.-Por todo elo, aos efectos do presente convenio, tomarase como referencia a relación nominativa das Bases de execución do presuposto 2020, onde quedan reflectidas as escolas deportivas municipais, entre elas, as que son obxecto do presente convenio.

Aos efectos o Pleno da corporación, con ocasión da aprobación do presuposto para o ano 2020, autorizou unha contía global de gasto para esta tipoloxía de convenio por importe de 153.829,18 €, imputada a aplicación do programa 33800 e o seu concepto 48900.

Ademais, contempláronse estes aspectos nunha das disposicións Finais das Bases de execución do orzamento 2020; que autorizan expresamente esta tipoloxía de subvencións.

3.-En virtude do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións que no seu artigo 14.1 establece, entre outras, as seguintes obrigas dos beneficiarios:
“ Art.14.1.b) *Justificar ante el órgano concedente o la entidad colaboradora, en su caso, el cumplimiento de los requisitos y condiciones, así como la realización de la actividad y el cumplimiento de la finalidad que determinen la concesión o disfrute de la subvención.*

Art.14.1.e) Acreditar con anterioridad a dictarse la propuesta de resolución de concesión que se halla al corriente en el cumplimiento de sus obligaciones tributarias y frente a la Seguridad Social, en la forma que se determine reglamentariamente, y sin perjuicio de lo establecido en la disposición adicional decimoctava de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Art.14.1.f) Disponer de los libros contables, registros diligenciados y demás documentos debidamente auditados en los términos exigidos por la legislación mercantil y sectorial aplicable al beneficiario en cada caso, así como cuantos estados contables y registros específicos sean exigidos por las bases reguladoras de las subvenciones, con la finalidad de garantizar el adecuado ejercicio de las facultades de comprobación y control.”

CLAUSULAS:

1.- O presente convenio cubrirá o gasto das actividades da Escola Deportiva Municipal de Fútbol Sala que se desenvolvan durante o curso 2019/2020, entre os meses de outubro a maio, ambos inclusive.

2.- TERRA SANXENXO asumirá directamente o pagamento das facturas ou documentos substitutivos válidos en dereito, que sexan consecuencia do desenvolvemento das actividades relacionadas coa Escola Deportiva Municipal, por unha cantidade que ascende a 8.432,00 €; segundo as seguintes condicións xurídicas:

I.-Estes gastos serán previamente acordados entre TERRA SANXENXO e o BENEFICIARIO da subvención.

II.-As facturas e/ou documentos substitutivos das mesmas válidos en dereito, terán que xirarse a nome do beneficiario da subvención, aínda que sexan presentados no rexistro oficial correspondente do ente público O.A TERRA SANXENXO.

III.-Poderanse acoller a este modelo gastos, a título meramente enunciativo e non excluínte os seguintes: dietas, desprazamentos, nóminas, ou calquera outro gasto que previamente fose negociado cos responsables de TERRA SANXENXO.

IV.- Fará o seguimento de que o servizo contratado e realizado pola entidade no seu prazo e forma.

3.- O BENEFICIARIO comprometese a:

I.- Presentar unha memoria explicativa da actividade ou actividades suxeitas a este convenio de colaboración.

II.- Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte de Terra de Sanxenxo da actividade subvencionada, mediante soportes publicitarios, físicos ou telemáticos incluíndo o logo do Concello de Sanxenxo.

III.- Presentar conta xustificativa adaptada a normativa referencia neste convenio ou as súas modificacións posteriores a sinatura; en calquera caso deberán documentar os aspectos seguintes:

a.-Desagregación dos gastos globais do evento subvencionado, podendo desagregar aqueles que xestionará o propio beneficiario, dos que xestionará, asumindo o seu pagamento, o ente outorgante da subvención.

b.-Declaración de outras subvencións ou axudas, solicitadas, concedidas e /ou percibidas, e que se soliciten, concedan e/ou libren a favor do beneficiario outras Administracións Públicas Territoriais, institucionais, e en xeral calquera ente encadrado no sector público.

c.-Declaración de cantas axudas sexan percibidas por parte de empresas privadas, e calquera tipo de achegas, en especial aquelas cuxa contía sexa superior a 3.000,00 euros.

A conta xustificativa deberá estar completada, entregada ao ente outorgante da subvención, supervisada e verificada, no prazo máximo de 30 días dende a celebración do evento, sen superar o mesmo prazo a contar dende a entrega das facturas ou documentos substitutivos válidos en dereito, tanto dos que sexan pagados polo ente beneficio como polo ente outorgante, xa que ambos están suxeitos a Lei 3/2004, de 29 de decembro, de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O incumprimento da presentación da documentación referida con anterioridade, en tempo e forma, ademais de ser causa de denegación da subvención, suporá que o solicitante da subvención, terá que asumir as consecuencias de gastos, e xuros previstos nesta lei e demais normativa vixente.

IV.- En virtude desta negociación xurídica bilateral comprométese a levar, tramitar e aprobar, se fose menester, unha contabilidade conforme esixa a normativa xurídica de aplicación dada a súa natureza xurídica, en relación a tratarse de que sexa unha persoa xurídica ou física.

En ausencia de normativa xurídica regulada a contabilidade deberá suxeitarse as indicacións do plan xeral contable, aplicable a empresas privadas, no seu formato abreviado e/ou resumido.

V.- Presentar ante TERRA SANXENXO a mencionada contabilidade, no momento en que lle sexa requirida, ben sexa durante a tramitación do expediente ou ben unha vez finalizado este durante o período de prescrición contable (6 anos) u outro menor ou maior que estableza a normativa vixente de dereito público aplicable.

A inexistencia de estados contables, a súa incongruencia coa conta xustificativa ou a negativa a poñela a disposición ao seu requirimento, serán motivo explícito ou causa de reintegro da subvención nos termos establecidos na normativa vixente.

VI.- Nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a Lei de Subvencións de Galicia e normativa aplicable, os beneficiarios comprométense a substituír as declaracións responsables por certificados da Axencia Estatal Tributaria, Facenda Autonómica e da Seguridade Social conforme a non dispoñer de débedas no momento da concesión da subvención, entendendo por tal o libramento efectivo da mesma. De tratarse de persoas físicas se poderán suplir estas certificacións mediante presentación cotexada da última declaración presentada do Imposto sobre a Renda das persoas Físicas, e no caso de tratarse dunha empresa Declaración do Imposto sobre o Valor Engadido.

VII.- Orixinais ou copias cotexadas de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos gastos reflexados na conta xustificativa. Xustificar o pago dos gastos acreditados como xustificación, que non sexan prepagados polo ente outorgante, de acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, artigo 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e asemade nos artigos 69 a 82 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, de desenvolvemento regulamentario da Lei Xeral de Subvencións

Para o exposto nos apartados anteriores aplicarase en primeiro lugar como fonte as normativas imperativas da Lei Xeral de Subvencións, a Lei de Subvencións de Galicia e normas xurídicas que as desenvolvan. As normas


xurídicas non imperativas actuarán en calquera caso con carácter supletorio nas presentes cláusulas, de igual forma que o disposto en materia de requisito subxectivo, prohibición e modos de acreditación pola normativa xurídica de contratos públicos vixentes en calquera momento.

4.- Este convenio de colaboración é de carácter puntual e explícito, non podendo ser obxecto de prórroga.

En Sanxenxo, a 29 de maio de 2020, asinamos o presente convenio de colaboración,



D. Luis Carballa Gómez
Presidente AX Saraiba do Mar



D. Telmo Martín González
Alcalde- presidente

